

--	--	--

AS MÁSCARAS DE IBÁÑEZ

O MARQUÉS DE SARGADELOS QUE NUNCA FOI

1. *Eu, o déspota*

Sí, sí, admito que o meu comportamento cos labregos foi con frecuencia autoritario e ata despótico. Multei ós que usaban o monte fóra dos meses autorizados e ós que se negaban aos acarrexos. E se non pagaban a sanción, expropiáballes as terras, un animal ou un obxecto importante para a súa vida cotiá: o pote da cociña ou unha manta da cama.

Cheguei a castigar co cepo na fábrica, nos pés ou de cabeza, a quen non cumpría coa súa obriga. Máxime cando pagaba os acarrexos segundo os prezos estipulados!

... Era doado comportarme doutro xeito? Os acarrexos de carbón e mineral para a fábrica eran de obrigado cumprimento.

Sobre todo cando os franceses destrúen as Reales Fábricas de munición de La Muga, Eugui e Orbaiceta, e Sargadelos queda como principal fornecedora do exército!.

Mais a pesar desta obriga...o xuíz de San Cibrán, Don Antonio de Cora, encargado de velar polo seu cumprimento, enganaba ós veciños dicíndolles que coa Real Cédula ninguén podía esixir acarrexos...

2. E aquí estou

E aquí estou.

Pasaron 215 anos..... É de xustiza ter a ocasión de reivindicar a miña memoria.

O meu nome é Antonio Raimundo Ibáñez, coñecido como o Marqués de Sargadelos. Un título do que en realidade nunca gocei... Ironías da historia.

.....Nacín en 1749 en Ferreirela, unha aldea do concello asturiano de Santalla de Oscos. O meu pai Sebastián Ibáñez LLano y Valdés tiña o oficio de escribán de número nos Oscos e a miña nai María Antonia

1	1	
---	---	--

--	--	--

Álvarez Castrillón atendía ós traballos do fogar e coidaba da miña crianza. Fun o único fillo que sobrevivíu.

Déronme unha boa formación. Aprendín as primeiras letras na casa natal e máis tarde asistín a clases no Mosteiro de Villanueva, baixo a inflexible man dos frades bernardos.

Da miña infancia e adolescencia nos Oscos quedaron impresas na miña memoria, na miña retina para sempre, o aventar das ascuas nas fraguas e o férreo bater dos martelos para producir apeiros, ferraduras e cravos que logo se vendían nas feiras ou se exportaban.

...Aos 18 anos, eu non vía futuro, e decidín trasladarme a Ribadeo para servir na Casa de Guimarán, de don Bernardo Rodríguez-Arango y Murias-Mon.

Él, tamén asturiano e coñecido da miña familia, era un dos personaxes que máis influencia tiña na provincia de Mondoñedo e no extremo occidental de Asturias.

Chamábanlle “O indiano” porque vivira varios lustros nas terras de Indias onde fixera a súa fortuna.

Non levei mais que a miña formación, unhas cartas de presentación e moita ilusión por abrirme camiño.

Nesta casa servín seis anos. Cando falece o padrón, o seu fillo Bernardo Felipe, un ano maior ca min, nomeoume Administrador Xeral das súas rendas. O seu Mordomo.

3. A traizón

Rumoréase que foi unha traizón ó meu patrón e “amigo”, pero voules contar...

... Eu tiña 24 anos.... Bernardo Felipe envioume a Cádiz con poderes para liquidar as rendas de cinco casas do seu morgado. Foi unha viaxe fundamental, que, como vostedes verán, resultou definitiva na miña vida.

2	2	
---	---	--

--	--	--

Eu soñaba con coñecer Cádiz, pois era o porto máis importante de Europa debido á nomeada “Carrera de Indias”, e o ataque de barcos estranxeiros.

Arribei á ampla baía gaditana no alborecer do sexto día

Mentres o escribán xestionaba os poderes que eu traía, dediqueime a coñecer a cidade e a súa moi intensa actividade comercial.

Nada me era alleo. Eu mostrei, claro está, un especial interese polo movemento portuario. E informeime cumpridamente dun tema que me atraía: o corso.

Cando me comunican que a suma total das rendas oscilaba ao redor dos 12.000 pesos, unha cantidade considerable, calculei enseguida as posibilidades de mercar algún produto que vendido na Galiza e Asturias producise beneficios.

Non tiña poderes para utilizar ese capital, é certo, pois na economía da Casa de Guimarán non figuraba o de arriscar noutro tipo de negocios. Sen embargo, eu decidín investir todo en aceite de oliva, moi abundante e barato en Andalucía, e, raro e moi caro en todo o noroeste peninsular.

E así nunhas barrigudas ánforas de barro bético quedou estibado na goleta “El salvador del mundo”, na que embarcaría poucos días despois.

Regresaba excitado. Sabía que forzara as regras, pero confiaba que o negocio salvaría a situación.

Polo cabo Carboeiro, en Portugal, un temporal pouco frecuente no verán, fíxome temer pola carga e a resolución que tomara.

Pero....chegamos.

...Bernardo Felipe non aceptou a miña decisión que considerou unilateral. Retiroume a súa confianza e prescindiu dos meus servizos.

Doume un prazo para que liquidase pola miña conta a partida . Algo no que eu xa matinara. E abofé que o fixen. O aceite vendeuse ben e

3	3	
---	---	--

--	--	--

axiña, duplicando o capital e a Casa limitouse a cobrar a suma investida.

Eu xa anovara naquel mundo de comerciantes cando asumín o cargo, pensando sempre nas vantaxes que ofrecía o mar.

A casa de Guimarán dispuña de viñedos en Andalucía abundantes en caldos e augardentes. Utilizei aqueles recursos, transportados por mar, no canto de cobrar as rendas e traer o capital.

Os viños galegos e casteláns, baratos na súa orixe, resultaban inaccesibles para a xente do común polo seu transporte.

En poucos anos convertémonos nos únicos importadores de viños e licores de Ribadeo e comarcas limítrofes, chegando a establecer unha sucursal con almacén e despacho en Vegadeo.

Vostedes xulguen.

4. Un ano clave 1774

1774 resultou ser un ano clave na miña vida.

O diñeiro circulante era daquela escaso e o capital eran as terras, casas e rendas en especie. Dispor de 12.000 pesos constituía unha excepción e tamén unha privilexiada posición para min.

Os anos de administrador na Casa dos Rodríguez-Arango servíranme de aprendizaxe nas técnicas mercantís, de toma de contacto con maioristas e casas de xiro e banca que operaban en Ribadeo, de coñecemento dos mercados.

Deste xeito puiden lanzarme, en solitario, á realización dos meus proxectos comerciais.

Casei no verán con Josefa López Acevedo, veciña de Ribadeo, de estirpe fidalga e de regular fortuna, coa que tiveron nove fillos, tres varóns e seis mulleres. Josefa foi sempre unha fortaleza para min.

Nese mesmo ano fun elixido Deputado do Común no Concello de Ribadeo celando polos intereses do pobo na política de abastos e servizos públicos, ata entón en mans exclusivamente dos fidalgos e igrexa que lastraban calquera iniciativa comercial.

4	4	
---	---	--

--	--	--

Desde este mesmo momento comeza unha oposición dos facendados e forzas vivas da contorna, fidalgos e cregos, que intentan desfacerse de min creando un censo de pecheros, no que me inclúen. Non podería relacionarme coa fidalguía. Estaría suxeito ao pago de impostos e cargas reais e señoriais, incluíndo incorporarme ó servizo militar.

Non o conseguiron! Tiven que recurrir a Chancillería de Valladolid e incluso, con bos oficios e influencias, forzar unha Carta y Real Provisión ó Concello que dispuña que me deran estado coñecido de fidalgo.

Deseguido asumiría outras responsabilidades: Síndico, Rexidor e Rexidor de Honra. Así comecei un fluir de recursos como cando se dobra unha aposta e non podes renunciar. Fun Comisario Honorario de Marina e Cabaleiro de la Real Orden de Carlos III, recibindo o nomeamento e medallón na igrexa de Sta. Clara, no mesmo Ribadeo. Ese foi un gran momento!. Logo, Oficial Graduado e Inspector Xeral de Artillería. E, por fin, fun nomeado Marqués de Sargadelos e Conde de Orbaiceta, que non puiden recoller

Fun sempre un home cunha gran ambición, e Sargadelos un medio e un gran soño.

5. Céster. Persoeiro do Común

Pero volvamos coa historia.

Neste ano tamén foi elixido Persoeiro do Común no Concello de Ribadeo don Joaquín Céster, comerciante e Director das Casas-Fábrica de Enseñanza de Ribadeo, Oviedo e Santiago, promovidas desde a Corte por Campomanes, que tentaban mellorar as manufacturas de liño establecidas nas casas desde tempo inmemorial.

Coarenta e oito mozas da comarca comezaron a instruírse e traballar na Casa-fábrica de Ribadeo.

E para mellorar a súa calidade, autorizouse a importación de liño polos portos de Ribadeo, Carril e Xixón.

5	5	
---	---	--

--	--	--

Cester foi unha persoa que marcou a miña vida. Con él mantiven moi boas relacións, aprendín moito e apoieino no seu malogrado proxecto.

Sen él, igual non existirían o negocio do liño mediante o sistema a domicilio, nin a siderurxia ou a cerámica de Sargadelos.

Cester chamaba critiquizantes ós que criticaban a obra allea sen producir ninguha propia, atrincheirados nos seus privilexios. A fidalguía e a igrexa opuxéronse e malograron o seu proxecto. Como se opuxeron a min.

Pero eu con Cester, José de Andrés e Buenaventura Marcó del Pont, dos que vos falarei logo, reunín os coñecementos, o capital e as relacións que precisei para os meus propósitos.

Marqueime tres obxectivos: ampliar a miña fonte de ingresos comerciais, ascender socialmente, parello ó primeiro, e crear Sargadelos.

Utilicei as ensinanzas de Cester para montar un negocio que pronto acadou unha enorme expansión.

Consistía en importar o liño ruso en grandes cantidades e distribuílo entre as fiandeiras e revendedores da comarca ó fiado. Todo se reducía a ir ó almacén central de Ribadeo, recoller unhas medidas de liño, asinar un recibo e retornar ao cabo duns días coa obra feita, obter o visto bo e pasar por caixa a cobrar.

Un negocio moi lucrativo mais que me proporcionou sobresaltos e inimigos, pois as vendas ó fiado xeraban débedas, que moitas veces non resultaban posible cobrar...

Fun con moito o maior importador de liño do Báltico. E a vila e o porto de Ribadeo convertéronse nun centro neurálxico de importación e de distribución de liño e lenzos, ata o punto que determinou a presenza de axencias consulares de diferentes países. Lembro agora Portugal, Inglaterra, Prusia, Francia, Estados Unidos, Suecia...

6	6	
---	---	--

--	--	--

Mesmo nalgún ano, o noso porto superou ó de Vigo na entrada de naves con bandeira estranxeira.

Foron dez anos de intensa actividade comercial case en solitario.

E ben podo dicir, orgulloso, que fun un dos maiores empresarios do momento e que puxo a Ribadeo no mapa, como diriades hoxe.

6. José de Andrés

Eu quería ampliar os meus negocios mais aló da Galicia Cantábrica pero non tiña suficiente capital, polo que precisei asociarme con alguén.

Tiña moi boas referencias dun tal José de Andrés, un empresario foráneo coma min, que residía desde había tempo en Santiago. Rioxano de Nájera.

Comezara modestamente, vendendo vísceras e outros despozos de animais. Un oficio que non tiña grande valoración social e que lles custaba, sobre todo ós eclesiásticos, concederlle o trato de “don”. Mais a súa habelencia e inventiva comercial convertérono nun dos grandes capitais de Galiza. E claro, acabaron tratándoo de don José de Andrés.

Aceptou a miña proposta de crear unha sociedade mercantil aportando cadaquén o 50% do capital e asumindo igualmente as perdas e as ganancias.

Xuntos a mantivemos durante once anos, acordando que calquera diferenza fose resolta pola Casa de Contratación de Bilbao, sen acudir a ningún tipo de preitos ós que tan dado é este país.

A sociedade que constituimos José de Andrés García i eu, foi fundamental na consecución dos meus obxectivos. Con él ampliei notablemente a rede de distribución: Santiago, Padrón, Carril, onde establecemos a sede, Bos Aires... Afiancei o comercio de liño de Rusia, ferro e aceiro de Suecia, olas de Burdeos e bacallao de Terranova.

7	7	
---	---	--

--	--	--

Creamos anos máis tarde, e con máis socios, a Real Compañía Marítima, sociedade por accións con participación e protección real, da que fomos directores natos en Carril e Ribadeo José de Andrés e máis eu. Serviu para continuar con seguridade o comercio co Báltico e co arriscado pero moi beneficioso negocio do curso. Comerciamos baixo a enseña real e capturabamos calquera navío sen permiso que se cruzara con ela.

7. Bonaventura Marcó del Pont

As miñas primeiras incursións no curso, sen embargo, xa foran da man doutro personaxe, Bonaventura Marcó del Pont.

Este corsario e fomentador catalán chega a fundar unha Casa de Crédito a través da que financia amplamente á coroa. Supuxo para min unha gran fonte de ingresos, porque armei con él numerosos barcos desde Vigo, como El Vigilante...El Conquistador ou El Príncipe de la Paz. Pero o meu maior interese, nese momento, eran as relacións que tiña coa Coroa, Godoy, a Duquesa de Alba...unhas relacións moi, moi rendibles.

Armar barcos en curso con él, supuña ter como socios á realeza, a Godoy e gran parte da nobreza, ávidos de ganancias rápidas e sustanciosas.

As recompensas para os armadores, eran o botín, nomeamentos militares e incluso títulos nobiliarios. Perseguí todo isto.

Pero o meu proxecto baseábase nas miñas empresas en Galiza, en Sargadelos. Serían a orixe do meu ascenso social. E desde logo enfrontarme cos títulos ós meus opositores, foi algo do que disfrutei.

8. A Corte

As numerosas viaxes á Corte de Madrid levaban sempre dous propósitos, afianzar as relacións e conseguir os permisos e títulos que necesitaba e desexaba.

A Corte era un lugar tedioso e fascinante ó mesmo tempo. Había que comportarse con finxida indiferencia e liberalidade. Precedíanme as miñas aportacións á Coroa e a Godoy do curso e disfrazadas de curso.

8	8	
---	---	--

--	--	--

Movíame dispendiosamente neste ámbito de recepcións e festas, ás veces convocadas por min.

Cando me ofreceron ser Secretario de Marina non aceptei. Non era o momento. Codearme e competir coa gran nobreza de sangue era un arduo e perigoso avispairo. Fun discreto sempre na Corte e souben adular a agardar.

9. Sargadelos

Con 39 anos cumpridos decido investir gran parte do meu capital nunha fábrica de ferro en Sargadelos co apoio inicial de José de Andrés.

Eu cobizaba esta empresa por diferentes motivos: uns moi calculados e outros ligados ós recordos da miña infancia.

Entre os primeiros estaba, sen dúbida, a pretensión que me acompañou sempre de pertencer á nobreza. E podía logralo coa Real Orden de Carlos III, que buscaba crear un novo tipo de nobreza traballadora e industrial.

Para esta empresa, considerei a oportunidade que me ofrecían os arredores de Sargadelos polo caolín e a abundancia de auga e leña, convencido, como manifestei nalgúns dos meus escritos, da súa utilidade e de que a riqueza dun particular contribúe a felicidade pública. Iso dicía.....

E entre os segundos estaban os meus recordos do férreo bater dos martelos nas fraguas dos Oscos da miña infancia.

Esta tiña que ser a miña gran obra, unha obra que mudaría por completo os modos de vida de toda a contorna.

Conseguín o permiso do vecindario de Sta. María de Rúa, en Cervo, para erixir a siderurxia, e requerín a autorización da Coroa.

E xa desde o comezo, conxúranse contra este proxecto os fidalgos e os cregos, argumentando prexuízos ao monte e aos labregos.

Chegando mesmo a afirmar que, coa autorización Real, os pobos de

9	9	
---	---	--

--	--	--

trece parroquias veríanse na necesidade de emigrar a outros países ou vivir na mendicidade....

Que preocupación polos seus campesiños!!

Non sería máis ben que as ferreirías do cantábrico, moi pequenas, estaban controladas por eles?

Ou non sería que cobrando uns salarios ía crebar a dependencia que tiñan deles os labregos?

O caso é que conseguen a denegación da solicitude.

Durante tres anos tiveron un pleito custosísimo con moitos curas e facendados da zona, o Síndico Xeral de Alfoz, o Comisario de Marina de Viveiro e o Cabildo de Mondoñedo, que tiñan como portavoz na Corte ao Diputado Xeral do Reino de Galiza, máis preocupado pola defensa dos seus intereses que por outras cuestións.

En febreiro de 1791, mellor informado o rei, polo meu tesón e os meus bos oficios e influencias, foime concedida a Real Cédula de Erección para instalar os martinetes, tirar planchas e ferraxes....e unha fábrica de olas de ferro.

EL Rey nomeábame conservador e celador do monte, coa potestade de utilizar a xustiza para evitar o seu uso fóra dos meses de novembro, decembro, xaneiro e febreiro.

I eu comprometíame a súa rexeneración plantando 20.000 árbores na parróquia de Rúa.

En agosto deste mesmo ano comezaron as obras principais, a presa o canal e as carboneiras, executadas por dous mestres de obra da zona, Cangas e Carballido. Ámbolos dous moi bos e cumpridores.

O proxecto de construción requeríu enxeñeiros, arquitectos, fundidores, moldeiros, carboneiros, e outros moitos operarios, que tiveron que contratar de fóra, pois non había na provincia de Mondoñedo nin no Reino de Galicia.

10	10	
----	----	--

--	--	--

O establecemento deulle traballo continuo e remunerado, sen cargas señoriais e eclesiásticas a uns 250 homes, ademáis do xerado polos acarrexos obrigatorios, tamén pagados, cando correspondese.

Sería o primeiro alto forno e martinete de ferro dúctil de tipo moderno da siderurxia española.

10. Conspiradores a min

Ah! Pero....despois da concesión real, os conspiradores non tardaron en reaccionar. Pois en marzo, a un mes!, provocan o primeiro de moitos atentados con incendio contra Sargadelos. Queimaron os bosques inmediatos, quedando reducidos a cinza gran parte deles.

Non me esquezo de Juan Bermúdez Villapol, veciño de Mondoñedo ó fronte destas intrigas. Quen lle movería os fíos?.

Nin do perigo que correron os carboneiros e as súas familias en sucesivos atentados co lume.

Nin da paralización da produción en tempos de guerra.

En fin, vin todo esto e busquei a mellor forma de controlar i enfrontar esta continua maquinación.

11. Comisario Honorario

Conseguín o nomeamento de Comisario Honorario de Marina pola nova vía extraordinaria de ofrecemento de capital e servizos.

Permitíame controlar os montes da contorna, afianzar o dereito a ter acarrexos por parte dos campesiños, e....superar a sistemática oposición do Comisario de Marina de Viveiro.

Tiven en tal alta estima o cargo que fun vestido con este uniforme para o retrato que me fixo don Francisco de Goya....un retrato que me deu vida até agora, case ó modo de Dorian Grey. Son eu. Estou aí, no exilio, en Baltimore nos Estados Unidos.

11	11	
----	----	--

--	--	--

Anos máis tarde, polos bos oficios do meu amigo Manuel Godoy, fun nomeado Oficial graduado e posteriormente Inspector Xeral de artillería. Conlevaban ter unha compañía do exército para evitar posibles incursións inimigas, garantir as provisións para a fábrica e desde logo protección para min e a miña familia.

E algo máis... déronme acceso a información privilexiada no referente aos negocios coa Armada e o Exército fronte á competencia.

Con estes títulos, e sempre co respaldo do mando militar, cheguei a exercer un auténtico e case total señorío sobre as fragas e montes da comarca, en absoluta competencia co poder tradicional dos facendados. Unha loita de poder e de paixóns.

A cobiza, o rancor e a vinganza foron o día a día durante máis de vinte anos, apoderándose dos corazóns dos señores que non podían soportar que o seu poder fose minguando pola acción dun asturiano, afincado na vila, e por riba, máis rico ca eles.

Pero aproveitan ben esta nova situación. Rexurde o conflito e agrávase. Os labregos achácanlle ás disposicións que establecín para a explotación e repoboación do monte a desaparición dos castiñeiros e as castañas, tamén protestan por non poder ter gando solto, nin coller madeira para as súas necesidades cando quixesen....

A saber onde ían parar os cartos que eu pagaba polo aproveitamento do monte comunal!

Cómo ía repoboar co gando solto ou cos campesiños arrincando exemplares novos en calquera momento?

Non foi este un intento de racionalizar o uso do monte e iniciar na comarca un proceso de industrialización?.

12. As prédicas

Todo cambio era combatido ferozmente.

O traballo a domicilio do liño báltico, que se transformaba en tecidos vendidos en todo o país, os viveros e coruñas, era unha subversión dos bos costumes campesiños. Das mulleres en particular.

12	12	
----	----	--

--	--	--

Contratar personal técnico con bos salarios e o pago de soldos por colaboracións e acarrexos, foi visto como cobiza. Ademais de acusar ós campeciños de abandonar o cultivo das terras.....

As feiras e mercados que proliferaban nese momento e facían que comezase a emerxer unha nova economía monetaria, eran presentados como alentadoras dos vicios na poboación, como a bebida e....a relaxación dos costumes das mulleres.

Ah, os cregos e as súas prédicas....!!

Fidalgos e cregos enmascaran as verdadeiras causas da súa oposición ó cambio: a maior liberdade, e sobre todo que ven perigar os seus dezmos, trabucos e rendas.

Era un ataque ó seu modo de vida. Claro que era un ataque ó seu modo de vida!

Velaiquí a oculta razón dos innumerables preitos e atentados, do motín do 30 de abril de 1798 e do meu asasinato once anos despois.

Vaise escribindo na pantalla, o seguinte texto:

.... la calidad de los enemigos de Ibáñez, la impunidad en que siempre habían actuado contra la persona del marqués y los varios intentos para destruir su obra y eliminarlo pueden ayudar a comprender que la soldadesca o el pueblo que asesinó a bayonetazos a Ibáñez está inducido por un grupo que una vez más, utilizó la conmoción popular para eliminar al industrial, posiblemente más competente que en este momento tenía España.

Todo hace pensar que los mismos señores que fallaron el primer golpe en 1798, darían el segundo el 2 de febrero de 1809.

Ramón Barreiro. Gran Enciclopedia Gallega

13. O motín

Ese 30 de abril de 1798 aconteceu o asalto, pillaxe e incendio da miña fábrica. Eu conseguín fuxir, pois tamén ían por min. Malfadada primaveira!

13	13	
----	----	--

--	--	--

A casa principal do establecemento, a dos operarios, o forno e a ferrería con todas as súas oficinas e arquivos, as fraguas, almacén de víveres, ferramentas, moldes... todo foi saqueado.

Aos berros de morra Ibáñez, lume, lume! queimaron o meu pazo, e a capela!, escachando a ara pola man sacrílega dun crego, don Ramón García, quen ademais animaba á xente ó asalto dicíndolles que él os absolvería....

Participaron preto de 4.000 persoas, homes e mulleres, maiormente de San Cibrán, Burela e Nois.

Como foi posible que tan grande e semellante mobilización non chegara ós meus ouvidos?

Todo foi amañado, sóbENO despois polas declaracións dos implicados no xuizo, con moita antelación e en segredo polos principais conspiradores: o facendado Manuel Pedrosa, o xuíz de San Cibrán Antonio de Cora, o escribán Pascual dos Santos e o crego de Lieiro Antonio Martínez Varela. Con outros moitos esbirros....que ían reclutando á xente con extremo sIXILO, nas feiras da comarca de Valadouro, Cordido...prometéndolles que quen os metía había de sacalos....

Infelices!....Non me extraña que logo se sentiran traizoados.... pois tiveron que pandar sós coas consecuencias da súa participación. Uns tiveron que fuxir ó monte, emigrar a países moi distantes, ou sufrir nas súas propias carnes os embargos por non poder pagar as multas.

Quen tivo a culpa? A culpa é feliz con varios donos. Así a impunidade campa as súas anchas. Non hai castigo para os poderosos que sempre encontran razóns...

Os instigadores, verdadeiros culpables, non sufriron as consecuencias.

Mais pouco coñecían a Ibáñez todos os conspiradores se pensaban que unha vez destruída a fábrica, morrería o conto.

14	14	
----	----	--

--	--	--

(voz en off) “O campesiñado é tan ignorante que non entendeu a mensaxe. A mensaxe é matar a araña, non destruír a súa tea. Porque a araña viva volve a tecer outra”

Así falaba Pascual dos Santos, o escribán!

14. Meus plans e a Guerra de Independencia

En 1806 estou completando os meus plans empresariais. Conseguira que Godoy acollera baixo a súa personal protección o proxecto de instalar en Sargadelos, xunto as fábricas de louza e metalurxia, unha terceira de cristalería e botellería. Sería a primeira industria galega de vidro. E coa idea xa dunha fábrica de tecidos...

E xurde a guerra de independencia....

Todo se me foi volvendo en contra...Calquera motivo era aproveitado polos meus inimigos...Non puideron evitar nen en Ribadeo nen na contorna, a calumnia de que agochaba no meu pazo a Pepita Tudó...amante e logo esposa de Godoy, caído en desgraza.

Tal era a inmensa, densa e poderosa tea de araña trezada polos señores do lugar, agora de todos coñecidos, que espallaban ó mesmo tempo o rumor, o venenoso disque disque, de que na fábrica elaborábanse cadeas para que os franceses levasen presos ós patriotas españois! Cabe maior perfidia!

Foron os cregos os que predicaron desde o púlpito e aconsellaron desde os confesionarios o odio aos franceses. Un odio xeneralizado contra toda a Ilustración: un proxecto demoníaco para extirpar a fe dos pobos e a Igrexa....Porque sobre todo había que defender a Deus, a Patria e ó Rei Fernando.

Nestas circunstancias ser acusado de afrancesado, traidor e antipatriota era unha forma inicua de propiciar o meu linchamento.

Foron as consignas!....Todo mentira, enredos populistas.

15	15	
----	----	--

--	--	--

A fábrica de Sargadelos elaboraba material de guerra: balas, bombas e granadas para o Real Cuerpo de Artillería na defensa da nosa independencia. Cuerpo onde loitaban os meus fillos e catro xenros!

Do meu pecunio sostiven a dez homes no Exército Español, subministrei gratuitamente á Xunta de A Coruña 4 mil quintais de galleta para a intendencia militar, cedín cabalos e mulas das miñas cortes...

Todo foi silenciado.

Qué perigoso é que a reacción se apropie en exclusiva da palabra Patria...!!!

(na pantalla) La turba animada por los eclesiásticos lo consideró el principal afrancesado y coló la brillante idea de tesoros guardados en su casa.... Luego vino la leyenda y se inventaron las mil historias del marqués de Sargadelos, pero lo cierto es que le mataron por moderno. ¡A quién se le ocurre montar fábricas en Sargadelos!

Gregorio Morán en La Vanguardia

15. Na miña opinión

Na miña opinión, o verdadeiro motivo polo que os labradores se opoñen á fábrica é para non poñerse a mal cos caciques eclesiásticos e seculares ós que están subordinados cunha sorte de escravitude que máis queren, que a liberdade ofrecida. Criados e educados dende a infancia, tan radical e aferradamente, apenas son capaces de saír dos seus costumes inveterados a outros mellores.

Trátase dese fatalismo: é o que hai, sempre foi así... debido á servidume, ó analfabetismo e ó poder da igrexa.

Acusei decididamente ante a xustiza ós cregos responsables.

Algúns deles como foi o caso dos párrocos de Cervo, Castelo, San Román e Burela, nese día, aproveitando a suposta convocatoria dunha montería para a caza do lobo....tocaron a rebato as campás das súas igrexas. O sinal.

16	16	
----	----	--

--	--	--

Este meu empeño debeuse ó absoluto convencemento da influencia moral que os cregos teñen sobre as consciencias dos seus fregreses.

A proba está en que o cura de Fazouro, don Joaquín Mosquera, exhortou á paz e á tranquilidade ós seus parroquianos, facéndolles entender que o asalto á fábrica era unha ofensa a Deus, ó Rei e á sociedade. E ninguén da súa parroquia participou no motín!

16. Din de min...

Din de min nalgunha biografía e, mesmo apareceu impreso nun folleto turístico do Concello, que paguei coa vida por ser “un adiantado ao seu tempo nalgunhas décadas”.

Frase perversa... qué se quere expresar con ela?... Xustificar ou polo menos “explicar” o meu asasinato? Que non sería asasinado de ter nacido quince anos despois?

Non vou admitilo. Asasináronme porque estorbaba, porque crebaba o seu inmovilismo.

E non, non nacín antes de tempo. Mais ben xusto o contrario. Fun consciente das transformacións que se estaban producindo nese momento e souben aproveitálas con audacia.

Por vez primeira era valorada a situación do Noroeste peninsular, de Galiza, para o control do Océano e as rutas comerciais cara a América. E alí estaba eu, coa creación da Real Compañía Marítima, o curso e outras iniciativas empresariais.

17. Tamén escribiron...

Tamén escribiron sobre min que logrei consolidar as empresas máis arriscadas, mais que non fun quen de consolidar o afecto dos meus veciños. E non foi así.

Coa perspectiva que me dá o tempo eu pregúntome se é posible consolidar unha empresa e gañar o afecto dos traballadores. Estoume referindo ós días que eu vivín. É posible aínda hoxe? Outra cuestión é a idea que quedou de min no imaxinario popular.

17	17	
----	----	--

--	--	--

Que ían transmitir de min os asasinos? Que ían gravar nas mentes dos que quedaron, e nos seus fillos?. Que destruíron e saquearon a miña vida e a de outra moita xente, e maltrataron a miña muller e aos meus fillos? Que se equivocaron? Que mataron a un inocente? Quedou de min a memoria que sementaron co medo. Ata hoxe.

A tradición oral, dous centos quince anos despois, lémbreme como un déspota.

A maledicencia, o vicio de falar mal de min ocultando os verdadeiros motivos do conflito e prexudicando a miña sona, mantense a pesares do tempo pasado.

Hai exemplos a mans cheas. Ademais das andrómenas do francés emparedado, dos tesouros...do vampirismo...da pantasma vingativa... “algo faría cando o mataron” ...Saben vostedes que no outono do ano 2019 aínda tiven que escoitar na mesma oficina de turismo de Ribadeo, que quizais fose eu mesmo quen incendiara a fábrica para cobrar o seguro? Até ás novas xeracións chega a falsidade da miña historia. E a ignorancia.

E dóeme profundamente. Si. A pesar do meu carácter...distante e autoritario.

Hoxe sei que fun o futuro que destruíron ao mesmo tempo que esnaquizaron o meu corpo.

Mais agora, quen son agora?

Férveme o sangue aínda hoxe de estar morto!!

Se proxecta na pantalla:

“ Si el Marqués de Sargadelos fuera catalán sería conocido en todo el mundo.

La figura de Antonio Raimundo Ibáñez significo para Galicia la posibilidad de dar el salto del comercio a la industria, hubiera podido ser un gran empresario siderurgico”

Joaquín Ocampo

18	18	
----	----	--

--	--	--

18. A miña familia

A miña familia vendeu en Redondela o retrato co uniforme de Comisario Honorario de Marina, que me fixera don Francisco de Goya y Lucientes.

Sen ollos! Os meus biznetos quitáronme os ollos xa que a miña mirada os asustaba cando baixaban as escaleiras do pazo.

Hoxe estou restaurado pero no exilio, no Museo de Baltimore nos USA, onde teredes que viaxar para visitarme, cando moi ben podería estar nalgún museo de Galiza...

Asemade moitos dos meus documentos tamén se puxeron en venda no rastro de Vigo. Un familiar chegou a dicir que os meus papeis non alimentaban. Menos mal que os recuperou Luís Seoane na Arxentina...

E non sei nin tan sequera onde repousan os meus osos...

19. Déronme o alto...

Soan diferentes voces berrando: Traidor, Afrancesado, Ladrón, Morte a Ibáñez, Viva El Rei...

Déronme o alto nas Catro Calles e alcanzáronme preto das Vegas de don Piñor.....

Acusado de afrancesado, traidor e antipatriota, fun asasinado, linchado cando tentaba poñerme a salvo. Tiráronme do cabalo a culatazos, acoiteláronme, despoxáronme da miña roupa e exhibíronme sobre á miña montura, morta tamén.

Despois fun enterrado no convento de San Francisco... onde non estou...

A miña casa foi asaltada e a miña dona e os meus fillos foron presos e maltratados....Querían saber do meu tesouro.....

Aconteceu en Ribadeo o 2 de febreiro de 1809, na data da entrada na vila das tropas asturianas que viñan liberala da ocupación francesa.

Foi a consumación dunha vinganza anunciada...

19	19	
----	----	--

--	--	--

Aínda non cumprira os 60 anos.

20. O encontro

(Proxección das imaxes de Ibáñez-Isaac- Seoane.)

A través do tempo, resultou ser unha profunda ledicia para mín o encontro e cruce de miradas con Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane.

Ámbolos dous, homes ilustrados, recuperaron a memoria da miña obra en Sargadelos. Soñando, coma min, noutra Galiza posible.

FIN

20	20	
----	----	--